

ANUNCIO

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2025--3301 con data de 05/09/2025 pola que aprobou a lista provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo que se convocou para levar a cabo o Programa “PROGRAMA SI461A”, na cal se establece o seguinte:

“RESOLUCIÓN

A Orde do 23 de decembro de 2024, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero, no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas, no marco do Pacto do Estado contra a violencia de xénero, e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento SI461A), publicouse no *Diario Oficial de Galicia* núm. 12 do luns 20 de xaneiro de 2025.

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e convocar, para o ano 2025, as subvencións destinadas a financiar a contratación, por parte das entidades locais galegas, de mulleres que sofren violencia de xénero, para a realización de obras ou servizos de interese xeral ou social, ata un máximo de doce (12) mensualidades, para mellorar e facilitar a súa inserción laboral (Código de procedemento SI461A).

O Concello de Redondela presentou, con data de 21/01/2025, a solicitude da subvención destinada ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero e iniciar este proxecto.

A Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero da Consellería de Política Social e Igualdade outorgou ao Concello de Redondela, con data de 06/03/2025, unha subvención por importe de 117.021,60 euros para a contratación de 4 mulleres que sofren violencia de xénero durante 12 meses ao abeiro da Orde do 23 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero, no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e se convocan para o ano 2025.

Os postos a seleccionar son os seguintes: **4 ORDENANZAS** (*Asimiladas a un/ha ordenanza do Concello de Redondela, equiparadas ao grupo da disposición adicional 6.^a do EBEP, grupo cotización 6*).



A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2025-3155, con data de 28/08/2025, pola que aprobou as bases que rexen a contratación de 4 ORDENANZAS (Asimiladas a un/ha ordenanza do Concello de Redondela, equiparadas ao grupo da disposición adicional 6.^a do EBEP, grupo cotización 6) que sofren violencia de xénero ao abeiro da Orde do 23 de decembro de 2024.

O Concello de Redondela presentou a correspondente oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia o día 29/08/2025. A Oficina de Emprego de Redondela remitiu os resultados da selección das persoas candidatas solicitadas con data de 29/08/2025.

As persoas preseleccionadas que foron contactadas polo departamento de Persoal vía telefónica e vía correo electrónico a través dos datos que figuraban nos currículos que remitiu a Oficina de Emprego de Redondela tiveron, segundo o previsto nas bases reguladoras deste proceso de selección, un prazo de 3 días hábiles, a contar dende o día seguinte ao do requirimento, para presentar a instancia de participación no proceso para o que foron preseleccionadas.

Tras finalizar o prazo de presentación de instancias e segundo o previsto nas bases reguladoras deste proceso selectivo que se aprobaron con data de 28/08/2025, é polo que, en virtude das competencias que me asigna a lexislación local vixente,

RESOLVO

PRIMEIRO: Admitir, **con carácter provisional**, no proceso de selección para a contratación de **4 ORDENANZAS**, ás seguintes persoas aspirantes:

N.º	DNI
1	***4556**
2	***6081**
3	***0318**
4	***5323**
5	***2761**
6	***9721**
7	***9790**



SEGUNDO: Excluir, **con carácter provisional**, no proceso de selección para a contratación de **4 ORDENANZAS**, ás seguintes persoas aspirantes:

N.º	DNI	CAUSA
1	***0967**	NON CUMPRE COS REQUISITOS DA BASE 3ª

*Segundo o previsto no apartado 7.3 das bases xerais de convocatorias de procesos de selección de persoal do Concello de Redondela que se publicaron no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO), número 50, do 13.03.2015, o feito de figurar incluído/a na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas posuír os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os/ás aspirantes admitidos/as superen as probas selectivas.

As persoas excluídas poderán presentar as alegacións que estimen oportunas ou a documentación a subsanar requirida polo órgano de selección, no prazo de **3 días hábiles**, a contar dende o día seguinte ao da publicación da dita relación.

No caso de non presentar a alegación no rexistro ou na sede electrónica do Concello de Redondela, a persoa aspirante deberá remitir unha copia da reclamación rexistrada xunto coa documentación que achegue ao enderezo electrónico: persoal@redondela.gal, con anterioridade ao remate do prazo.

A lista provisional de persoas admitidas e excluídas elevarase automaticamente a definitiva se non se presentan reclamacións.

TERCEIRO: Publicar na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello a relación provisional de persoas admitidas deste proceso selectivo."

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

